

(12)

I. DISPOSICIONES XERAIS

ConSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 192/1988, do 21 de xullo, polo que se regula a composición, organización e funcionamento da Comisión do Xogo de Galicia.

A Comisión do Xogo de Galicia está regulada pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, nos seus artigos 25 e 26. Co fin de desenvolve-lo previsto na devandita Lei, a proposta do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteún de xullo de mil novecentos oitenta e oito,

DISPOÑO:

Artigo 1.º 1.— A Comisión do Xogo de Galicia configúrase como órgano de estudio, coordinación e informe das actividades relacionadas coa práctica de xogos e apostas no territorio da Comunidade Autónoma.

2.— Correspóndelle, igualmente, informar sobre aquelas materias relacionadas coas actividades reguladas na Lei 14/1985, do 23 de outubro, que sexan competencia do Consello da Xunta de Galicia, e sobre aquellas nas que este ou a Consellería da Presidencia llo soliciten.

Art. 2.º 1.— A presidencia da Comisión do Xogo de Galicia correspóndelle ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

A vicepresidencia da Comisión do Xogo atribúese ó Director Xeral de Xusticia e Administración Territorial.

2.— Son tamén vocais da devandita Comisión:

A) Un representante con categoría de Director Xeral das seguintes Consellerías:

- Economía e Facenda.
- Traballo e Benestar Social.
- Industria, Comercio e Turismo.
- Cultura e Deportes.

B) Un representante do sector de casinos.

C) Un representante da Asociación Empresarial de Bingos.

D) Un representante das asociacións empresariais de empresas operadoras de máquinas recreativas.

3.— Un secretario que actuará con voz pero sen voto, sendo desempeñado o seu posto por un funcionario co nivel orgánico mínimo de Xefe de Servicio e nomeado polo Conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

4.— O presidente da Comisión tamén poderá convocar á mesma, para cuestións concretas, a expertos ou asesores técnicos e a representantes empresariais, sociais ou sindicais que poidan ter un interese nas mesmas.

Art. 3.º Os vocais serán nomeados polo Conselleiro da Presidencia e Administración Pública a proposta

das diferentes Consellerías e dos sectores ou organizacións empresariais do Xogo de Galicia.

Art. 4.º Correspóndelle á Comisión do Xogo de Galicia as seguintes funcións:

A) O informe preceptivo non vinculante, que se emitirá no prazo de 15 días desde que teña entrada na Secretaría da devandita Comisión, sobre os asuntos seguintes:

—Disposicións de carácter xeral que se teñan que dictar en desenvolvemento desta Lei e do Catálogo de Xogos.

—Medidas de planificación do xogo en Galicia.

—Propostas de altas e baixas e modificación do Catálogo de Xogos en Galicia.

B) Evacua-las consultas que sobre a materia lle soliciten os órganos da Comunidade Autónoma.

C) Calquera outra función que lle sexa atribuída polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia.

Art. 5.º A Comisión reunirase, logo da convocatoria do presidente, por iniciativa propia ou cando o soliciten ó menos a terceira parte dos seus membros e, neste caso, a súa celebración non poderá demorarse máis de vinte días.

Os membros da Comisión serán convocados polo presidente, mediante escrito que se xuntará a correspondente orde do día, cunha anticipación mínima de setenta e dúas horas.

Correspóndelle ó presidente a aprobación da orde do día a proposta do Director Xeral de Xusticia e Administración Territorial.

Os acordos da Comisión adoptarán a forma de dictames.

A Comisión reunirase como mínimo unha vez cada semestre natural.

Art. 6.º De cada sesión da Comisión será levantada acta autorizada polo secretario, que levará o visto e prace do presidente e aprobaranse na mesma ou posterior reunión.

O secretario da Comisión será responsable da recepción de documentos e expedición de certificacións dos acordos e así mesmo da execución ou remisión dos acordos adoptados pola Comisión.

Art. 7.º A Comisión poderá acordar a creación no seu seo de grupos de traballo dos que a composición e funcionamento serán determinados pola propia Comisión.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o Decreto 418/1987, do 12 de novembro, polo que se determina a composición da Comisión do Xogo de Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Primeira.— O réxime de constitución, convocatoria, adopción de acordos e, en xeral, o funcionamento, como órgano colexiado, da Comisión do Xogo da Comunidade Autónoma rexeráse polo disposto no capítulo

lo II do título primeiro da vixente Lei de Procedemento Administrativo e o que disponían as normas de desenvolvemento do presente Decreto.

Segunda.— Facúltase ó Conselleiro da Presidencia para dictar cantas normas sexa preciso para desenvolve-lo presente Decreto.

Terceira.— O presente Decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, vinteún de xullo de mil novecentos oitenta e oito.

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

Pablo González Mariñas
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Considerábase urgente a execución do mencionado proxecto técnico, por tratarse de obras incluídas en programas pertencentes ó Plan Provincial de Obras e Servicios de 1985, e no seu día foi adxudicada e levada a cabo na súa maior parte faltando soamente o tramo obxecto do expediente.

Na súa virtude, a proposta do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinteseis de maio de mil novecentos oitenta e oito,

DISPOÑO:

Artigo único.— De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, declarábase a urgente ocupación polo Concello de Bande dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto, e necesarios para a execución das obras do proxecto de «Acondicionamento camiño Cadós-Cimadevila».

Santiago de Compostela, vinteseis de maio de mil novecentos oitenta e oito.

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

Pablo González Mariñas
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

III. OUTRAS DISPOSICIONES

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 193/1988, do 26 de maio, polo que se declara a urgente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Bande (Ourense) dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de «Acondicionamento camiño Cadós-Cimadevila».

O Pleno do Concello de Bande, en sesión celebrada o día 22 de abril de 1985 aprobou o proxecto de «Acondicionamento camiño Cadós-Cimadevila» e na sesión do 17 de xullo de 1986 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración da urgente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó amparo do disposto no art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración da urgente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Emitiu informe favorable a Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Calidade Ambiental da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

A competencia para a declaración da urgente ocupación estalle atribuída á Xunta de Galicia polo apartado B) 4.3 do anexo I ó Real Decreto 3037/1982, do 24 de xullo.

Decreto 194/1988, do 26 de maio, polo que se declara a urgente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Vilalba (Lugo), dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de «Apertura e urbanización da prolongación da rúa Domingo Goas».

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día 9 de xuño de 1986 aprobou o proxecto de «Apertura e urbanización da prolongación da rúa Domingo Goas» e na sesión do 13 de outubro de 1987 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración da urgente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó amparo do disposto no art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración da urgente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Emitiu informe favorable a Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Calidade Ambiental da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.